

N.º de ref.	Nome químico	N.º CAS
«1212	6-metoxi-2,3-piridindiamina e o seu sal HCl, cando se empregue en tinguiduras de cabelo.	94166-62-8
1213	2,3-naftalenodiol, cando se empregue en tinguiduras de cabelo.	92-44-4
1214	2,4-diaminodifenilamina, cando se empregue en tinguiduras de cabelo.	136-17-4
1215	2,6-bis(2-hidroxietoxi)-3,5-piridindiamina e o seu sal HCl, cando se empregue en tinguiduras de cabelo.	117907-42-3
1216	2-metoximetil-p-aminofenol e o seu sal HCl, cando se empregue en tinguiduras de cabelo.	29785-47-5
1217	4,5-diamino-1-metilpirazol e o seu sal HCl, cando se empregue en tinguiduras de cabelo.	20055-01-0
1218	4,5-diamino-1-[(4-clorofenil)metil]-1H-pirazol sulfato, cando se empregue en tinguiduras de cabelo.	163183-00-4
1219	4-cloro-2-aminofenol, cando se empregue en tinguiduras de cabelo.	95-85-2
1220	4-hidroxiindol, cando se empregue en tinguiduras de cabelo.	2380-94-1
1221	4-metoxitolueno-2,5-diamina e o seu sal HCl, cando se empregue en tinguiduras de cabelo.	56496-88-9
1222	5-amino-4-fluoro-2-metilfenol sulfato, cando se empregue en tinguiduras de cabelo.	163183-01-5
1223	N,N-dietil-m-aminofenol, cando se empregue en tinguiduras de cabelo.	91-68-9
1224	N,N-dimetil-2,6-piridindiamina e o seu sal HCl, cando se empregue en tinguiduras de cabelo.	
1225	N-ciclopentil-m-aminofenol, cando se empregue en tinguiduras de cabelo.	104903-49-3
1226	N-(2-metoximetil)-p-fenilendiamina e o seu sal HCl, cando se empregue en tinguiduras de cabelo.	72584-59-9
1227	2,4-diamino-5-metilfenetol e o seu sal HCl, cando se empregue en tinguiduras de cabelo.	113715-25-6
1228	1,7-naftalenodiol, cando se empregue en tinguiduras de cabelo.	575-38-2
1229	Ácido 3,4-diaminobenzoico, cando se empregue en tinguiduras de cabelo.	619-05-6
1230	2-aminometil-p-aminofenol e o seu sal HCl, cando se empregue en tinguiduras de cabelo.	79352-72-0
1231	Solvent Red 1 (CI 12150), cando se empregue en tinguiduras de cabelo.	1229-55-6
1232	Acid Orange 24 (CI 20170), cando se empregue en tinguiduras de cabelo.	1320-07-6
1233	Acid Red 73 (CI 27290), cando se empregue en tinguiduras de cabelo.	5413-75-2»

Dous. A segunda parte do anexo III modifícase como segue:

- Suprímense os números de referencia 17, 23, 40 e 42.
- Para os números de referencia 1, 2, 8, 13, 15, 30, 34, 41, 43, 45, 46, 51, 52, 53, 54, 57, 59 e 60, a data «31-08-2006» substitúese por «31-12-2007».
- Para os números de referencia 3, 4, 5, 6, 7, 9, 10, 11, 12, 14, 16, 18, 19, 20, 21, 22, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 31, 32, 33, 35, 36, 37, 38, 39, 44, 47, 48, 49, 50, 55, 56 e 58, a data «31-12-2006» substitúese por «31-12-2007».

Artigo segundo. *Prazo de comercialización, venda ou cesión.*

A partir do 1 de decembro de 2006 non poderán ser comercializados nin poderán ser vendidos ou cedidos ao consumidor final produtos cosméticos que non se axusten ao establecido no artigo primeiro.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2006/65/CE da Comisión, do 19 de xullo de 2006, pola que se modifica a Directiva 76/768/CEE, do Consello, relativa aos produtos cosméticos, para adaptar os seus anexos II e III ao progreso técnico.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 19 de outubro de 2006.—A ministra de Saúde e Consumo, Elena Salgado Méndez.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

18693 *REAL DECRETO 1186/2006, do 13 de outubro, polo que se establecen as bases do Plan de vixilancia sanitaria serolóxica do gando porcino.* («BOE» 257, do 27-10-2006.)

A Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, establece no capítulo I do seu título III a necesidade dunha axeitada ordenación sanitaria das explotacións de animais, merecendo unha especial consideración, entre outros aspectos, e de acordo cos artigos 36 e 44, o establecemento das condicións sanitarias básicas e a regulación da cualificación sanitaria das explotacións.

A Orde do 21 de outubro de 1980 pola que se dan normas complementarias sobre a loita contra a peste porcina africana e outras enfermidades do gando porcino en aplicación do Real decreto 791/1979, do 20 de febreiro, establece, nos seus artigos primeiro e segundo, as condicións que deben de cumprir as explotacións acreditadas sanitariamente respecto a determinadas enfermidades, cualificándoas como granxas de protección sanitaria especial e granxas de sanidade comprobada. Esta orde foi desenvolvida pola Resolución do 9 de febreiro de 1982, da Dirección Xeral da Producción Agraria, pola que se desenvolve a Orde do 21 de outubro de 1980, na cal se dan normas sobre loita contra a peste porcina africana e outras enfermidades do gando porcino.

O Real decreto 195/2002, do 15 de febreiro, polo que se establece o Plan de seguimento e vixilancia sanitaria do gando porcino, regula as bases para a realización dos controis serolóxicos e as restricións aos movementos da especie porcina en relación coa peste porcina africana, a peste porcina clásica, a enfermidade vesicular porcina e a enfermidade de Aujeszky. O dito real decreto, que é derrogado por este, contén normas en materia de loita, control e erradicación da enfermidade de Aujeszky, que xa ten

unha normativa específica nacional e comunitaria, constituída polo Real decreto 427/2003, do 11 de abril, polo que se establecen as bases do programa coordinado de loita, control e erradicación da enfermidade de Aujeszky, e a Decisión 2001/618/CE, da Comisión, do 23 de xullo, pola que se establecen garantías suplementarias nos intercambios intracomunitarios de animais da especie porcina en relación coa enfermidade de Aujeszky, así como os criterios para facilitar información sobre esta enfermidade, e pola que se derrogan as decisións 93/24/CEE e 93/244/CEE, polo que as actuacións serolóxicas de control respecto desta enfermidade non se recollen neste real decreto, salvo a modificación que se efectúa, pola disposición derradeira primeira, no artigo 4 do Real decreto 324/2000, do 3 de marzo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións porcinas.

A evolución da situación sanitaria experimentada polo sector nos últimos anos, xunto coa ausencia no resto da Unión Europea de cualificacións sanitarias oficiais de explotacións porcinas como explotación de protección sanitaria especial ou explotación de sanidade comprobada, a aplicación do Real decreto 427/2003, do 11 de abril, e a promulgación da Lei 8/2003, do 24 de abril, fan necesaria unha ampla modificación do Plan de seguimento e vixilancia sanitaria do gando porcino regulado polo Real decreto 195/2002, do 15 de febreiro, que obriga, en aplicación do principio de seguranza xurídica, á aprobación dun novo real decreto, ao mesmo tempo que neste se substitúen as citadas cualificacións sanitarias polas relativas á enfermidade de Aujeszky, o que permite, por outra parte, suprimir trabas ao movemento de animais da especie porcina desde España ao resto da Unión Europea.

Este real decreto foi sometido á consulta das comunidades autónomas e das entidades representativas dos intereses dos sectores afectados.

Este real decreto dítase en virtude da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de outubro de 2006,

DISPÓÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as bases do Plan de vixilancia sanitaria serolóxica do gando porcino das enfermidades que figuran no anexo I, en todas as explotacións porcinas do territorio nacional.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos deste real decreto, serán de aplicación as definicións previstas no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, así como, no que se refire ás explotacións con sistema de explotación intensivo, as definicións do artigo 2 do Real decreto 324/2000, do 3 de marzo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións porcinas, e as clasificacións zootécnicas do artigo 3 do citado Real decreto 324/2000, do 3 de marzo.

2. Así mesmo, entenderase como:

- Explotacións de xabarís: aquelas en que se teñan, críen, ceben ou manexen xabarís.
- Porco de cría: todo animal da especie porcina cuxo destino sexa a reprodución.
- Porco de produción: todo animal da especie porcina cuxo destino sexa o engorde e o seu destino final o

sacrificio, que en ningún momento se vaia empregar como reprodutor.

d) Sistema de produción «todo dentro-todo fóra»: aquel no cal a reposición se realiza de tal xeito que non entra novo gando ata que non saísen todos os animais do ciclo anterior.

Artigo 3. *Controis serolóxicos segundo o tipo de explotación.*

Nas explotacións porcinas realizaranse os controis serolóxicos que a seguir se indican, respecto das enfermidades que figuran no anexo I.

1. En centros de inseminación artificial, explotacións de selección, explotacións de multiplicación, explotacións de xabarís e explotacións con sistema de explotación extensivo desde as que se efectúen movementos de porcos de cría cara a outras explotacións:

a) Realizarase un primeiro control serolóxico sobre o 100 por cento do censo dos reprodutores.

b) Posteriormente realizaranse controis serolóxicos cuatrimestrais sobre un número de reprodutores que garanta, cun nivel de confianza do 95 por cento, detectar a presenza da enfermidade se a súa taxa de prevalencia é como mínimo do cinco por cento, preferentemente os ditos controis efectuaranse cada vez en animais diferentes.

2. Cando en explotacións de produción e en explotacións con sistema de explotación extensivo se alberguen porcos de cría e de produción desde as cales se efectúen exclusivamente movementos de porcos de produción cara a outras explotacións, incluídos os matadoiros, realizarase un control serolóxico anual nos porcos de cría existentes na explotación, sobre un número de reprodutores que garanta, cun nivel de confianza do 95 por cento, detectar a presenza da enfermidade se a súa taxa de prevalencia é como mínimo do cinco por cento.

3. En explotacións de recría de reprodutores e de transición de reproductoras primíparas realizarase un control cuatrimestral sobre un número de animais que garanta, cun nivel de confianza do 95 por cento, detectar a presenza da enfermidade se a súa prevalencia é como mínimo do cinco por cento, os ditos controis efectuaranse en animais representativos de todas as idades.

No caso de que o sistema de produción sexa «todo dentro-todo fóra», o control realizarase antes da saída dos animais, sobre un número deles que garanta, cun nivel de confianza do 95 por cento, detectar a presenza da enfermidade se a súa prevalencia é como mínimo do cinco por cento.

4. Nas explotacións en que existan exclusivamente porcos de produción, os animais deberán proceder de explotacións en que se realizasen na explotación de orixe os controis periódicos descritos neste artigo con resultado negativo.

Artigo 4. *Movemento dos animais da especie porcina dentro do territorio nacional.*

1. Será requisito para o movemento de animais entre comunidades autónomas ou das cidades de Ceuta e Melilla que se realizasen na explotación de orixe, con resultado negativo, os controis periódicos establecidos no artigo 3.

2. A autoridade competente da comunidade autónoma ou das cidades de Ceuta e Melilla de orixe, comunicalle ao órgano competente da comunidade autónoma ou cidades de Ceuta e Melilla de destino con, polo menos, corenta e oito horas de antelación, o traslado de porcos de cría e de produción con destino á reprodución e ceba.

3. O movemento dos animais efectuarase de acordo coa normativa vixente, en especial co previsto no capítulo IV do título III da Lei 8/2003, do 24 de abril.

4. Cando, debido a unha causa xustificada cuxa responsabilidade non sexa imputable ao titular da explotación, non se puidesen realizar na explotación de orixe os controis periódicos establecidos no artigo 3, poderase autorizar o movemento sempre que previamente se realizase o control serolóxico respecto das enfermidades previstas no anexo I, con resultado negativo, ao 100 por cento dos animais obxecto do movemento. O período de validez dos resultados destas probas serolóxicas será de 30 días desde a data de emisión dos resultados da análise polo laboratorio competente.

Artigo 5. *Movemento intracomunitario.*

1. Sen prexuízo do previsto no Real decreto 1716/2000, do 13 de outubro, sobre normas sanitarias para o intercambio intracomunitario de animais das especies bovina e porcina, para o movemento de animais cara a outros países comunitarios, as explotacións de orixe radicadas en España deberán, ademais, someterse, con resultado negativo, aos controis periódicos establecidos no artigo 3 e, así mesmo, cumprir os seguintes requisitos:

a) Para o movemento de porcos de cría ou de xabaris, procederase ao control serolóxico previo respecto das enfermidades previstas no anexo I, con resultado negativo, do 100 por cento dos animais obxecto do movemento.

b) Para o movemento exclusivamente de porcos de produción cara a outras explotacións, procedentes de explotacións de produción ou de explotacións con sistema de explotación extensivo que alberguen porcos de cría e de produción, esta deberase someter a controis periódicos cuatrimestrais respecto das enfermidades previstas no anexo I, sobre un número de animais que garanta, cun grao de confianza do 95 por cento, detectar a presenza da enfermidade se a súa prevalencia é como mínimo do cinco por cento. No caso de que a explotación só efectuase o control anual, procederase a controlar o 100 por cento dos animais obxecto do movemento.

c) Para o movemento de porcos procedentes de explotacións en que existan exclusivamente porcos de produción con destino ao seu sacrificio inmediato en matadoiro, procederase ao control serolóxico previo respecto das enfermidades previstas no anexo I, con resultado negativo, de, polo menos, o cinco por cento dos animais obxecto do movemento, ou ben efectuarase un control serolóxico na explotación, con resultado negativo, sobre un número de animais que garanta, cun nivel de confianza do 95 por cento, detectar a presenza da enfermidade se a súa taxa de prevalencia é como mínimo do cinco por cento.

2. A validez dos resultados das probas serolóxicas establecidas neste artigo establécese nun máximo de trinta días naturais desde a emisión dos resultados da análise polo laboratorio competente, agás para as análises descritas no punto 1.c) deste artigo, cuxa validez será de 60 días.

Artigo 6. *Laboratorios autorizados.*

Os órganos competentes das comunidades autónomas ou das cidades de Ceuta e Melilla poderán designar, no seu ámbito territorial, os laboratorios competentes para realizar as análises previstas neste real decreto. Estes laboratorios poderán ter carácter público ou privado e contarán co apoio dos laboratorios nacionais de referencia de peste porcina africana, peste porcina clásica e enfermidade vesicular porcina para o diagnóstico destas enfermidades.

Artigo 7. *Mantemento da clasificación zootécnica.*

Para manter a clasificación zootécnica prevista no Real decreto 324/2000, do 3 de marzo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións porcinas, será preciso que en todas as explotacións porcinas se realizasen, con resultado negativo, os controis establecidos no artigo 3.

Artigo 8. *Infraccións e sancións.*

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e, se for o caso, no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde a que houbese lugar.

Disposición transitoria única. *Controis efectuados.*

Para os efectos previstos no artigo 3.1, as seguintes explotacións realizarán directamente os controis cuatrimestrais establecidos no artigo 3.1.b):

a) As que xa realizasen e obtivesen un resultado negativo, con anterioridade á entrada en vigor desta disposición, o primeiro control serolóxico sobre a totalidade do censo reprodutor existente na explotación.

b) As de nova creación ou as que, estando inactivas durante un período de 24 meses, enchan en ambos os casos as súas instalacións como máximo a partir de dúas explotacións de orixe en que xa se realizasen e obtivesen un resultado negativo, o primeiro control serolóxico sobre a totalidade do censo reprodutor existente na explotación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as seguintes disposicións:

a) O Real decreto 195/2002, do 15 de febreiro, polo que se establece o Plan de seguimento e vixilancia sanitaria do gando porcino.

b) O artigo primeiro do Real decreto 791/1979, do 20 de febreiro, polo que se regula a loita contra a peste porcina africana e outras enfermidades do gando porcino.

c) Os artigos primeiro a sétimo, ambos inclusive, da Orde do 21 de outubro de 1980, pola que se dan normas complementarias sobre a loita contra a peste porcina africana e outras enfermidades do gando porcino en aplicación do Real decreto 791/1979.

d) A parte I Explotacións acreditadas sanitariamente, da Resolución do 9 de febreiro de 1982, da Dirección Xeral da Producción Agraria, pola que se desenvolve a Orde do 21 de outubro de 1980, en que se dan normas sobre loita contra a peste porcina africana e outras enfermidades do gando porcino.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 324/2000, do 3 de marzo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións porcinas.*

O artigo 4 do Real decreto 324/2000, do 3 de marzo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións porcinas, queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 4. *Cualificación sanitaria das explotacións porcinas.*

Os centros de inseminación artificial que lle subministren doses seminais a calquera outra explota-

ción, as explotacións de selección, as explotacións de multiplicación, as explotacións de recría de reprodutoras, as explotacións de transición de reprodutoras primíparas, así como todas aquelas con sistema de explotación extensivo que vendan porcos de cría, para manter a súa clasificación zootécnica, deberán estar cualificadas como indemnes ou oficialmente indemnes da enfermidade de Aujeszky.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da habilitación contida no artigo 149.1.16.^a da Constitución que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento e modificación.*

1. Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións que sexan necesarias para o cumprimento e aplicación do disposto neste real decreto.

2. Así mesmo, facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, logo da consulta coas comunidades autónomas, para modificar o contido dos anexos deste real decreto, para a súa adaptación ás modificacións que introduza a normativa comunitaria ou por motivos urxentes de sanidade animal.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de outubro de 2006.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO I

Enfermidades incluídas no plan de seguimento e vixilancia

Peste porcina clásica.
Peste porcina africana.
Enfermidade vesicular porcina.

ANEXO II

Táboa para a determinación da presenza da enfermidade nunha explotación

Cálculo do tamaño de mostra necesario para detectar unha prevalencia mínima do cinco por cento cun nivel de confianza do 95 por cento:

Censo total	Censo que se vai controlar
1-25	Todos
26-30	26
31-40	31
41-50	35
51-70	40
71-100	45
101-200	51
201-1.200	57
>1.200	59

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

18694 REAL DECRETO 1205/2006, do 20 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 56/2002, do 18 de xaneiro, polo que se regula a circulación e utilización de materias primas para a alimentación animal e a circulación de pensos compostos. («BOE» 257, do 27-10-2006.)

A normativa nacional en materia de circulación e utilización de pensos compostos foi obxecto dunha regulación cada vez máis completa e precisa acorde coa evolución do dereito comunitario, cuxa Directiva 2000/16/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de abril, pola que se modifican as directivas 79/373/CEE e 96/25/CE, foi incorporada ao noso dereito interno mediante o Real decreto 56/2002, do 18 de xaneiro, polo que se regulan a circulación e utilización de materias primas para a alimentación animal e a circulación de pensos compostos, refundíndose asemade na dita disposición a normativa fundamental existente sobre materias primas e pensos na alimentación animal.

Posteriormente, este real decreto foi modificado polo Real decreto 254/2003, do 28 de febreiro, que incorporou ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2002/2/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, pola que se modifica a Directiva 79/373/CEE, do Consello, relativa á circulación dos pensos compostos e pola que se derroga a Directiva 91/357/CEE, da Comisión.

A experiencia acumulada desde a entrada en vigor desta regulamentación aconsella revisar algúns aspectos da etiquetaxe de pensos, especialmente no referente aos destinados aos animais de compañía, que permitan, sen mingua do labor de vixilancia, control ou inspección, unha maior fluidez no tráfico comercial dos ditos pensos, caracterizados pola menor superficie dos envases en que se comercializan e, xa que logo, por un espazo máis escaso para a información da etiquetaxe.

Así mesmo, á vista do contido da Directiva 2002/2/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, no referente a varios aspectos da etiquetaxe de pensos, entre eles a publicidade da súa fórmula exacta, cuxa comunicación ao cliente impuña a citada directiva a cargo do responsable das indicacións da etiquetaxe, diversas entidades asociativas de fabricantes europeos de pensos interpuxeron recursos contra esa disposición. As cuestións prexudiciais, elevadas ao Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas desde tribunais dos países onde se estableceron tales accións, foron resoltas mediante sentenza daquel órgano xudicial europeo do 6 de decembro de 2005, publicada no Diario Oficial de la Unión Europea do 11 de febreiro de 2006. Na dita resolución, ademais de afirmar a validez, conforme o dereito comunitario, de diversos artigos impugnados, declarábase, á luz do principio de proporcionalidade, a nulidade do artigo 1.1.b), da Directiva 2002/2/CE, do 28 de xaneiro de 2002, que exige a comunicación da fórmula exacta do penso, no xeito antes exposto. Este precepto corresponde co artigo 15.1.l) do Real decreto 56/2002, do 18 de xaneiro.

Procede, en consecuencia, para cumprir co indicado no artigo 10 do Tratado constitutivo da Unión Europea, modificar o Real decreto 56/2002, do 18 de xaneiro, de conformidade co contido da sentenza máis arriba referida do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas.

Este real decreto foi sometido á consulta das comunidades autónomas e das entidades representativas dos intereses dos sectores afectados, e a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiu informe.